



Concello de Bande

ANUNCIO

SUMARIO

Providencia de Alcaldía do Concello de Bande pola que se dispón o inicio do trámite de consulta pública da ordenanza municipal que ten por obxecto:

Regulación do estacionamento e pernoita de autocaravanas, vehículos tipo camper e caravanas.

TEXTO

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto da ordenanza municipal reguladora do estacionamento e pernoita de autocaravanas, vehículos tipo camper e caravanas, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- Os obxectivos da norma.
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de vinte días hábiles a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Problemas que se	Problemas de saturación en determinadas zonas do concello que vulneran a convivencia cidadá. Ademais
-------------------------	--





Concello de Bande

pretenden solucionar coa iniciativa	de actividades que atentan a salubridade e a saúde pública, o respecto ao medio ambiente e o dereito á intimidade, descanso e tranquilidade dos/as usuarios/as da área de autocaravanas existente.
Necesidade e Oportunidade da súa aprobación	<ul style="list-style-type: none">- Acadar maior seguridade xurídica e establecer maiores garantías para os autocaravanistas, promotores e xestores de zonas de estacionamento e puntos de reciclaxe, sexan de titularidade pública ou privada; xestores dos servizos municipais e para a cidadanía en xeral.- Fomentar o desenvolvemento económico do municipio, especialmente coa promoción de espazos de uso público para autocaravanas, como potencial turístico e fonte de riqueza.
Obxectivos da norma	<ul style="list-style-type: none">- Establecer un marco regulador que permita a distribución racional dos espazos públicos e do estacionamento temporal ou itinerante de autocaravanas, vehículos tipo camper e caravanas dentro do termo municipal, coa finalidade de non entorpecer o tráfico rodado de vehículos, garantir a seguridade das persoas e a debida rotación e distribución equitativa dos aparcamentos públicos entre as persoas usuarias das vías públicas e doutros espazos de uso ou titularidade pública.- Fomentar o desenvolvemento económico do municipio, especialmente o turístico, en relación ao uso das autocaravanas, vehículos tipo camper e caravanas.
Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias	Como ampliación á ordenanza municipal en vigor de ordenación, control e regulación do tráfico nas vías urbanas preténdese establecer unhas condicións mínimas que permitan a distribución racional dos espazos públicos e do estacionamento temporal ou itinerante de autocaravanas, vehículos tipo camper e caravanas dentro do termo municipal, de maneira que se poidan conciliar as demandas e necesidades de todos os usuarios/as.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

